



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, E O CONCELLO DE SALVATERRA DO MIÑO PARA A REFORMA DUN EDIFICIO DESTINADO A SER UN CENTRO ONDE SE PRESTEN SERVIZOS DAS CARTEIRAS DE SERVIZOS DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA E DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar un convenio de colaboración co Concello de Salvaterra de Miño para a reforma dun edificio destinado a ser un centro onde se presten servizos das carteiras de servizos de promoción da autonomía e de atención á dependencia.

Que a través deste instrumento convencional, a Consellería de Política Social comprométese a achegar para o financiamento do investimento unha cantidade máxima de 50.000,00 €, que se financiará con cargo os orzamentos de gastos da Dirección xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

